



ÁREA DE FOMENTO E PROMOCIÓN DA CIDADE
SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
GA2/2024/36

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA

Na Coruña,

ASINANTES:

Dunha parte, Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, en uso das facultades de representación conferidas polo artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asistida da oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, que dá fe do acto, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden de conformidade co apartado d) da disposición adicional oitava da mesma lei.

E doutra, Xosé Anxo Terán Comesaña, en calidade de presidente da Asociación Cultural Correlingua, con CIF G70325683 e domicilio fiscal na avenida de Lugo, 2A, entresollado A, 15702, Santiago de Compostela.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder abondo para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

1. Que o Concello da Coruña, para xestionar os seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei reguladora das bases de réxime local. En todo caso, exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, en materia de promoción da cultura.
2. Que a Lei 3/1983 de normalización lingüística establece, no seu artigo 25, que as corporacións locais fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras e que, ao seu abeiro, o Concello da Coruña vén desenvolvendo plans e programas de dinamización lingüística, con accións directas ou en colaboración con outras entidades, destinadas a promoveren a normalización lingüística.
3. Que a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña do 3 de xuño de 2021 ampara o desenvolvemento da actividade segundo o punto terceiro do artigo 9 do seu capítulo V.
4. Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.



5. Que a Asociación Cultural Correlingua é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins estatutarios propios propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela, sensibilizar a sociedade da importancia da defensa da lingua galega e asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e amenas e interdisciplinares.
6. Que o Concello da Coruña entende que a actividade da Asociación Cultural Correlingua é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2024 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor desta entidade por un importe de 10.000,00 €, coa finalidade de contribuír ao financiamento do gasto derivado da actividade Correlingua a desenvolver no ano 2024 na nosa cidade.
7. Que a Lei xeral de subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.
8. Que xa que se pode iniciar o procedemento de concesión de oficio ou por pedimento da entidade interesada, a Asociación Cultural Correlingua, presentou no Rexistro Xeral de Entrada do concello a documentación necesaria para subscribir o convenio.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña por parte da Asociación Cultural Correlingua por todo o exposto, as dúas partes acordan asinaren o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua coa finalidade contribuír ao financiamento do gasto derivado da actividade Correlingua a desenvolver no ano 2024 na nosa cidade.

SEGUNDA.- Obrigas do concello

O concello comprométese a achegarlle á Asociación Cultural Correlingua a cantidade de dez mil euros (10.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 50.334.489.50.

TERCEIRA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase en todo ou en parte coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co artigo 32 do Regulamento da lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, enténdese que o Orzamento Xeral do concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a execución total da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro deste polo importe que supere o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da lei xeral de subvencións.



Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento da lei xeral de subvencións, e xa que é compatible a dita achega con outras subvencións, en caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo total da actividade e fosen compatibles entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA.- Obrigas do beneficiario

A Asociación Cultural Correlingua comprométese a:

-Destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña á finalidade de contribuír ao financiamento do gasto derivado da actividade Correlingua a desenvolver no ano 2024 na nosa cidade.

-Presentar a documentación xustificativa desta nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.

-Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da subvención no Rexistro Xeral de Entrada do concello calquera modificación dos datos identificadores do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos deste, para a súa aprobación.

-Comunicarlle ao concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

-Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

-Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

-Que todo o persoal dedicado á realización de actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.



-Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e nos termos recollidos no manual de utilización da imaxe corporativa (<https://www.coruna.gal/imagencorporativa>), e sinalar a colaboración do concello no seu financiamento.

-No caso de gastos de cartelería, dípticos e trípticos deberá achegarse un exemplar do modelo utilizado xunto coa conta xustificativa co fin de comprobar que se inclúen os logos deste concello.

- Empregar nas comunicacións tanto orais como escritas, nos materiais impresos e nas actividades a desenvolver unha linguaxe incluínte e non sexista.

- Establecer medidas e mecanismos que contribúan a promocionar a igualdade entre mulleres e homes na diversidade, así como a desagregación por sexo dos datos das persoas beneficiarias das actividades obxecto de financiamento deste convenio e das persoas traballadoras da entidade.

- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

- Empregar a lingua galega na comunicación e na produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) ás que dea lugar toda a actividade subvencionada polo Concello da Coruña

QUINTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como os gastos de persoal, os gastos de profesionais, as subministracións e os servizos efectuados polos provedores etc. En todo caso, debe acreditarse de maneira fidedigna no correspondente xustificante do gasto que este está directamente relacionado coa actividade.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Só serán subvencionables os gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso o beneficiario poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades con el vinculadas, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

En ningún caso o beneficiario poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades con el vinculadas, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte xeito:

- Solicitud por parte do interesado con carácter previo á execución da actividade subvencionada.

- Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando o/s terceiro/s co/s que se contratará e o/s servizo/s ou subministración/s que se recibe/n.



- Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

Poderase subcontratar ata o 50% do importe da actividade subvencionada. O réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades non vinculadas nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades non vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada, agás queeste incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades xerais da entidade, serán subvencionables ao 100% e debe xustificarse o gasto co correspondente xustificante e a acreditación do pagamento efectivo deste, nos termos establecidos no presente convenio.
- b) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, só se poderán imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude ou do gasto executado se é menor, acreditando estes cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pagamento efectivo deles. Contodo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gastoexecutado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso, non se poderá imputar á conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral, salvo que se acredite de forma fidedigna nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso se poderán combinar ambas as posibilidades.
- c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, e serán subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta. En ningún caso serán gastos subvencionables: os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, as recargas e as sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais.

SEXTA.- Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor do beneficiario e o pagamento da achega realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste



convenio. Producirase a perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas establecidas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Tamén se poderán realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como o financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento polo concello, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata acadar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e se non existe responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non se lle poderá realizar o pagamento da subvención ao beneficiario en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co concello e coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No caso de que este convenio se tramite antes de pechar a xustificación dalgunha subvención concedida á Asociación Cultural Correlingua polo Concello da Coruña en exercicios anteriores, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao seu peche con conformidade.

SÉTIMA.- Xustificación

A. Prazo

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses desde a finalización da vixencia do convenio, a Asociación Cultural Correlingua deberá presentar a documentación necesaria para a xustificación no Rexistro Xeral de Entrada.

B. Forma

De conformidade co disposto no artigo 75 do Regulamento da lei xeral de subvencións para as subvencións por importe inferior a 60.000 €, establécese a conta xustificativa simplificada como a forma de xustificación.

A conta xustificativa conterá a seguinte información:

- O impreso de solicitude de xustificación segundo o modelo establecido para o efecto. A xustificación das desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial se procede, para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado. Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit desta. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, resolverase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.
- A certificación do secretario co visto e prace do presidente sobre as subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia de como se reflecta no balance.
- A memoria que acredite que a actividade foi realizada nas condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos resultados obtidos e o grao de cumprimento dos obxectivos. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada.
- O balance dos ingresos e dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, incluíndo as desviacións orzamentarias.
- A relación clasificada e detallada dos gastos da actividade na que se indique o acredor, o seu NIF, o número do documento xustificativo, a data de emisión, o importe, o concepto e a data de pagamento.
- A documentación xustificativa de todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades



ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, facendo constar o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e nos termos recollidos no manual de utilización da imaxe corporativa (<https://www.coruna.gal/imagencorporativa>), sinalando a colaboración do concello no seu financiamento.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

C. Mostraxe de xustificantes

Comprobarase, a través dos criterios de mostraxe que se indicarán de seguido, os xustificantes que se estime oportuno e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, para cuxo fin poderá ser requirido do beneficiario, no prazo máximo de catro anos que se contarán desde a finalización da presentación da conta xustificativa, a achega de todos os xustificantes dos gastos e os correspondentes pagos nos termos que se indican a continuación.

D. Criterios de mostraxe

Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25 por 100 do importe imputado da subvención concedida.

Do resto dos xustificantes, comprobarase unha mostra de elementos que, polo menos, supoña a seguinte porcentaxe respecto do número de elementos da relación da mostraxe:

- 1º Se o número de xustificantes fose inferior ou igual a dez: 100 por 100.
- 2º Se o número de xustificantes fose superior a dez e inferior ou igual a vinte: 50 por 100.
- 3º Se o número de xustificantes fose superior a vinte e inferior ou igual a cincuenta: 30 por 100.
- 4º Se o número de xustificantes fose superior a cincuenta e inferior ou igual a cen: 20 por 100.
- 5º Se o número de xustificantes fose superior a cen: 10 por 100.

Para garantir a aleatoriedade na selección da mostra aplicarase o seguinte procedemento de selección:

- Os xustificantes que van ser obxecto da mostraxe serán os que conforman a relación presentada polo beneficiario menos os que, por razón do seu importe, vaian ser obxecto de comprobación directa.
- Numeraranse sucesivamente os xustificantes, que van ser obxecto de mostraxe, conforme á orde da relación clasificada de gastos achegada polo beneficiario na conta xustificativa.
- Determinarase o volume de xustificantes que conformarán a mostra para seleccionar conforme ao indicado anteriormente. Ou sexa, aplicando a porcentaxe que corresponda en función do número que compoñen os xustificantes obxecto da mostraxe.
- Obterase o cociente resultante de dividir o número de elementos que conforman a relación da mostraxe entre o número de elementos da mostra, redondeando os decimais ao número enteiro máis próximo.
- Seleccionarase aleatoriamente o primeiro xustificante da mostra do seguinte modo:
O número de orde do xustificante que se debe seleccionar coincidirá co resultado de sumarlle ao cociente, calculado anteriormente, o número do primeiro dígito da dereita que conste na data do asento rexistral da presentación da conta xustificativa (o correspondente ao número dos segundos).
- Os restantes elementos de mostra determinarase aplicando unha progresión aritmética de razón igual ao cociente calculado. Se finalizase a selección de documentos e non se chegase ao número de documentos sinalados na mostra, sería necesario continuar contando a partir do último documento seleccionado e continuar polo principio da listaxe ata alcanzar o número que corresponda. Se este coincidise con algún dos xa seleccionados, escolleríase o seguinte.
- No caso de que algún dos xustificantes seleccionados presentase algunha irregularidade que



impida obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, deberá o beneficiario presentar todos os xustificantes de gasto co fin de que se poida avaliar o alcance do incumprimento e, en consecuencia, o cálculo do importe da subvención que se debe reintegrar, se é o caso.

E. Requisitos dos xustificantes de gasto

Con respecto á xustificación dos gastos, deberanse ter en conta as seguintes condicións:

- Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poden admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nos xustificantes orixinais deberá redactarse unha dilixencia na que se faga constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o seu importe se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando ademais, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención.
- No caso de que existan gastos de persoal presentaranse as nóminas asinadas polas persoas traballadoras, os boletíns de cotización á Seguridade Social debidamente validados (documentos RLC ou relación de liquidación de cotizacións e RNT ou relación nominal de traballadores), e os documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en conceptode IRPF (modelo 111 trimestral e modelo 190 do resumo anual).
- No caso de pagamento a persoas físicas que presten servizos retribuídos, de pagamento de premios ou de pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), nos límites e coas excepcións que establecen a lei e o regulamento do imposto ou, se for o caso, as disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditar o ingreso en Facenda destas retencións coa presentación dos devanditos modelos 111 e 190 ou 115 (trimestral) e 180 (resumo anual) no caso do pagamento de alugueiros de bens inmobles.
- Presentaranse os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións, debe solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no casode subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.
- No caso de que a subvención nominativa contribúa ao financiamento de actividades de formación, presentaranse os partes de sinaturas de asistentes e formador/a coa data e hora de inicio e fin de cada sesión formativa que se realice.

F. Requisitos dos xustificantes de pago

No que se refire á xustificación dos pagos, deberase ter en conta o seguinte:

- Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
- Os documentos de gasto deben acompañarse dos documentos bancarios ou contables que acrediten a efectividade do pago. Non se aceptarán aqueles documentos de pago que, aínda sendo conformes cos requisitos formais que se expoñen máis adiante, non permitan identificar claramente o gasto da finalidade deste convenio.
- Cando o pago se realice a través de transferencia ou domiciliación bancarias se acreditará con a copia do correspondente extracto bancario.
- Cando o pago se realice mediante un cheque, deberá achegarse a copia deste e o extracto bancario que acredite que o destinatario o fixo efectivo.
- Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 500 euros. Neste caso deberá constar no xustificante do gasto a conformidade suficientemente acreditada do provedor facendo constar o seu



nome, NIF,

sinatura e data de pago. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo.

- Respecto aos pagos relacionados coa finalidade deste convenio, estímase aconsellable que se realicen “preferentemente” desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.

- Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a estes dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou por unha compañía de seguros.

O concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

OITAVA.- Reintegro

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula cuarta deste convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- No caso de presentar a xustificación fóra do prazo establecido na cláusula sétima e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da lei xeral de subvencións.
- Os demais supostos establecidos na Lei xeral de subvencións e na Ordenanza xeral da Área de Benestar.

NOVENA.- Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.



DÉCIMA.- Seguimento, vixilancia e control do convenio.

Constituirase unha Comisión de seguimento, vixilancia e control deste convenio entre a Asociación Cultural Correlingua e o Concello da Coruña.

A comisión constituirase no prazo dun mes desde a súa entrada en vigor.

A composición será paritaria e constará de seis membros: tres representantes da Asociación Cultural Correlingua e tres representantes do Concello da Coruña. As súas funcións serán:

- a) Seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- b) Resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan presentarse respecto do convenio.
- c) Mediación nas discrepancias que se poidan producir na interpretación efectuada por cada unha das partes.
- d) Aqueloutras funcións que resulten necesarias ou convenientes, con acordo das partes, que tendan a unha maior eficacia do convenio.

A comisión quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos membros de cada unha das partes.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.

A comisión reunirase cando así o solicite a maioría dunha das partes podendo celebrarse por medios electrónicos.

UNDÉCIMA Causas de resolución do convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante un aviso previo comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DUODÉCIMA.- Natureza

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No non disposto neste convenio, serán de aplicación a Lei 38/2003, xeral de subvencións, e o seu Regulamento; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o seu regulamento; e a Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, na data da sinatura electrónica deste documento.

A alcaldesa do Concello da Coruña
Inés Rey García

O presidente da Asociación Cultural Correlingua
Xosé Anxo Terán Comesaña

A oficial maior, dou fe,
María Esther Álvarez Martínez